

ADMINISTRACIÓN LOCAL
MUNICIPAL
SANXENXO

Ordenanzas e Regulamentos

APROBACIÓN DEFINITIVA DA ORDENANZA MUNICIPAL REGULADORA DE XESTIÓN E SEGURIDADE NO USO, GOCE E APROVEITAMENTO DAS PRAIAS DO CONCELLO DE SANXENXO

ANUNCIO

Aos efectos de cumprimentar o disposto no art. 70.2 da Lei 7/85, do 2 de abril, Reguladora das bases do réxime local se publica íntegro o texto da “ORDENANZA MUNICIPAL REGULADORA DE XESTIÓN E SEGURIDADE NO USO, GOCE E APROVEITAMENTO DAS PRAIAS DO CONCELLO DE SANXENXO” unha vez aprobada definitivamente por non terse presentado ningunha reclamación á aprobación inicial.

**ORDENANZA MUNICIPAL REGULADORA DE XESTIÓN E SEGURIDADE NO USO,
GOCE E APROVEITAMENTO DAS PRAIAS DO CONCELLO DE SANXENXO.**

TITULO PRELIMINAR.- EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O artigo 45 da Constitución Española reconece o dereito a gozar dun medio ambiente adecuado para o desenvolvemento da persoa, así como o deber de conservalo, correspondendo aos poderes públicos velar pola utilización racional de todos os recursos naturais, coa finalidade de protexer e mellorar a calidade de vida e defender e restaurar o medio ambiente, apoiándose na indispensable solidariedade colectiva

Igualmente, a Lei 7/85 de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local no artigo 25.2, apartado j), atribúe aos concellos competencias para a protección da salubridade pública.

Neste sentido o artigo 84 da citada Lei 7/85, permite as Entidades Locais, intervenir a actividade dos/as cidadáns a través, entre outros medios, das ordenanzas.

Así mesmo, o artigo 115, apartados c) e d), da Lei 22/88 de 28 de xullo, de Costas, establece, entre outras, como competencias municipais, as seguintes:

c) Explotar, no seu caso, os servizos de tempada que poidan establecerse nas praias por calquera das formas de xestión directa ou indirecta previstas na lexislación de Réxime Local.

d) Manter as praias e lugares públicos de baños nas debidas condicións de limpeza, hixiene e salubridade, así como vixiar a observancia das normas e instrucións ditadas pola Administración do Estado, sobre salvamento e seguridade das vidas humanas.



A costa de Sanxenxo ten, aproximadamente, 36 quilómetros de lonxitude, constitúe un dos valores naturais mais importantes do concello. A franxa litoral é a orixe do principal motor económico do concello, o turismo reporta a poboación inculcables beneficios sociais, culturais, ambientais, económicos, etc.

En Sanxenxo podemos encontrar praias das mais variadas características; urbanas como Silgar e Caneliñas, ou mais naturais como Areas, Montalvo, Major ou Foxos. Todas elas destacan pola calidade das súas augas e servizos, convertendo a Sanxenxo no concello con mais bandeiras azuis de España, desde o ano 2004 ata a actualidade.

O Concello de Sanxenxo, consciente do importante papel das súas praias e asumindo o papel que os concellos representan no desenvolvemento sostible do entorno social e físico, adquiriu o compromiso de levar a cabo unha serie de estratexias, adecuadas a nivel local, nas que se definen unhas liñas de actuación que nos permitan realizar una xestión correcta das nosas costas. Ademais, na época estival o litoral do Concello de Sanxenxo recibe unha gran afluencia de visitantes, o que fai necesario unha regulación de usos que permitan o desfrute e convivencia entre os usuarios das praias. Por iso, con esta ordenanza, preténdese establecer unha serie de medidas para manter os areas e lugares públicos de baño nas debidas condicións de limpeza, hixiene e salubridade, coa finalidade de regular o uso sostible e o pleno goce por parte de todos dos areas do termo municipal de Sanxenxo.

Tendo en conta o anteriormente exposto e, no marco das súas competencias, con adecuación a normativa sectorial vixente, elaborase a ordenanza Reguladora da Xestión e Seguridade no Uso, Goce e Aproveitamento das Praias do Concello de Sanxenxo (en diante ordenanza), coa finalidade de establecer as condicións que permitan a compatibilidade dos dereitos e deberes dos usuarios das praias, coa protección do entorno natural e as lexitimas iniciativas de desenvolvemento económico do concello.

Finalmente introduce un réxime sancionador, coas contías das sancións, ao obxecto de reducir as posibles incidencias que se producen nos areas e chegan a provocar problemas de seguridade, salubridade e boa convivencia, converténdose nun auténtico instrumento preventivo, e se é necesario represivo, das condutas contrarias ao establecido nesta ordenanza.

TÍTULO I. PRINCIPIOS XERAIS E NORMAS DE USO

Artigo 1º. Obxecto.

A presente ordenanza ten por obxecto regular as condicións de uso das praias do termo municipal de Sanxenxo.

Artigo 2º. Definicións.

Para os efectos da presente ordenanza e, de acordo coa normativa estatal básica aplicable, enténdese como:



1) *Praias*: Marxe, beira ou ribeira que rodea as augas de baño continentais ou marítimas, zonas de depósito de materiais soltos, tales como areas, gravas e seixos, incluíndo escarpas, bermas e dunas, teñan ou non vexetación, formadas pola acción do mar ou do vento mariño, ou outras causas naturais ou artificiais.

2) *Augas de baño*: Aquelas augas superficiais de carácter mariño nas que o baño estea expresamente autorizado ou, non estando prohibido, practícase habitualmente por un número importante de persoas.

3) *Zonas de augas de baño*: Áreas xeograficamente delimitadas dun termo municipal compostas por unha praia e as súas augas de baño. En todo caso entenderase como zona de baño aquela que se atope debidamente balizada para ao efecto. Nos tramos de costa que non estean balizados como zona de baño, entenderase que esta ocupa unha franxa de mar contigua á costa dunha anchura de 200 metros nas praias ou 50 metros no resto da costa.

4) *Zona de varada*: Aquela destinada á estancia, embarque, desembarque ou mantemento de embarcacións profesionais ou de recreo, debidamente listadas.

5) *Tempada de baño*: Período de tempo no que pode preverse unha afluencia importante de bañistas, tendo en conta os usos ou costumes locais. Para efectos da presente ordenanza, enténdese por tempada de baño o período comprendido entre o día 1 de xuño e o 30 de setembro de cada ano.

6) *Bandeiras de sinalización de habilitación para o baño*: determinarán a aptitude das condicións das augas para o baño.

As bandeiras clasificaranse por cores, indicando o estado do mar en canto á idoneidade do seu uso para o baño:

- Verde: apto para o baño.
- Amarela: precaución. Permitirá o baño con certas restricións.

Prevé un certo perigo no baño derivado das condicións do mar observadas e/ou debido á existencia de animais, elementos flotantes, contaminación ou outras circunstancias de risco para a saúde das persoas.

— Vermella: prohibido o baño. Prevé un grave perigo no baño para a vida ou a saúde das persoas, ben sexa polas condicións do mar ou pola existencia de animais, elementos flotantes, contaminación ou outras circunstancias de risco para a saúde das persoas maila iso, as bandeiras anteriores poderanse complementar con outras que indiquen concretamente o perigo a prever.

Artigo 3^º. Cumprimento da ordenanza.

1.—Os/As axentes da autoridade, poderán apercibir verbalmente ós/ás que infrinxan calquera das disposicións contidas na presente ordenanza, a fin de que de forma inmediata cesen a actividade prohibida ou realicen a obrigação debida.



Mércores, 29 de decembro de 2021

Núm. 250

2.—Todo o anterior é sen prexuízo da incoación de expediente sancionador cando proceda ou, no seu caso, darase parte de denuncia á Administración competente.

3.—O persoal de salvamento ou socorrismo apoiará ós/ás axentes da autoridade no labor de información do establecido na presente ordenanza, informando ós/ás usuarios/as das praias sobre a presente normativa.

Artigo 4^o. Réxime de utilización das praias.

1.—A utilización das praias será libre, pública e gratuíta para os usos comúns e acordes coa natureza daquelas, tales como pasear, estar, bañarse, navegar, embarcar e desembarcar, varar, pescar e outros actos semellantes que non requiran obras e instalacións de ningún tipo e que se realicen de acordo coas leis, regulamentos, así como coa presente ordenanza.

2.—Todos os/as usuarios/as teñen a obrigaón de utilizar correctamente o espazo público regulado nesta ordenanza, así como as instalacións e o mobiliario urbano existente, conforme a súa natureza, destino e finalidade, e respectar en calquera caso o dereito que tamén teñen os/as outros/as usuarios/as a usalo e a gozar.

3.—De forma xenérica, os/as usuarios/as estarán obrigados a adoptar condutas que eviten a sucidade e o mal estado hixiénico da area e a auga de baño.

4.—Queda prohibido dar un uso diferente ao que lles é propio, ás duchas, aos lavapés, aos aseos situados nas praias, así como limpar os utensilios de cociña, lavarse utilizando xabón, xel ou xampú ou calquera outro produto deterxente. Ao mesmo tempo, fomentárase o aforro na utilización da auga. Queda expresamente prohibido tirar cabichas ou cinzas na praia, quedando obrigadas as persoas que desexen fumar na praia a dispoñer dun cinceiro ou calquera outro sistema que demostre que poden recoller as cabichas e cinzas. Non dispoñer destes métodos será motivo de sanción.

5.—Queda prohibido alterar as dunas naturais formadas ou en proceso de formación das praias, xa sexa con vehículos, con animais, de xeito manual ou mecánico.

6.—Non está permitido o uso na praia de aparellos de radio, casetes, discos compactos ou similares, instrumentos musicais ou calquera outro instrumento ou medio que emita ruído e que produzan molestias ós/ás demais usuarios/as. Enténdese que se está producindo molestias cando o son supera os 45 dBA durante o día e os 35 dBA durante a noite.

7.—En casos especiais nos que se vexa afectada, ao xuízo da autoridade, a seguridade ou a salubridade das persoas usuarias, o alcalde ou o/a concelleiro/a que dispoña da competencia por delegación, poderá prohibir o uso e o gozo do baño na praia ou do acceso ao areal. Esta medida terá carácter temporal debendo restablecerse o libre acceso á praia e á costa inmediatamente, en cando desapareza a situación que o motivou.



Mércores, 29 de decembro de 2021

Núm. 250

8.—Queda prohibido deixar instalados parasoles e antucas diáfanos nos seus laterais, sempre que non se atopen presentes os/as propietarios/as, polo só feito de ter reservado un lugar na praia.

9.—Queda prohibida, durante todo o ano e a calquera hora, a instalación de tendas de campaña, así como as acampadas de calquera duración de tempo nas praias.

10.—Os/As empregados/as municipais, en presenza da policía local, que levantará a correspondente acta, poderán retirar os elementos instalados irregularmente e depositalos en dependencias municipais. Os elementos retirados só poderán ser devoltos ós/ás donos/as, cando presenten un xustificante que acredite a súa propiedade.

Artigo 5º. Realización de lume.

En orde á seguridade dos/das usuarios/as das praias e ao mantemento e hixiene das mesmas prohibese:

a) Realizar lume no chan da praia, areas, pedras ou rocas, agás o disposto no seguinte artigo desta ordenanza respecto da celebración de San Xoán.

b) O uso de bombonas de gas e/ou líquidos inflamables nas praias.

c) Os artefactos que leven aparelado o uso do lume, así como a utilización de fogos de artificio, o lanzamento de globos e outros artefactos pirotécnicos, a excepción de que estean relacionados coa celebración de festas locais ou de arraigada tradición cultural, estando suxeitos a obtención das autorizacións pertinentes.

d) Cociñar na praia ou realizar catering (servizos de subministración de comidas e bebidas).

Artigo 6º. Celebración de San Xoán.

1. A noite do 23 ao 24 de xuño, como medida excepcional, debido a arraigada tradición cultural da celebración da noite de San Xoán en Galicia, permitirase a celebración de fogueiras pola tarde-noite, nas praias que cada ano habilite o Concello para tal fin e, sempre, cumprindo a estipulado a continuación:

a) Para a realización da fogueira na praia debe realizarse unha solicitude de autorización ao Concello de Sanxenxo, nas datas habilitadas polo Concello cada ano, a través da Oficina de Medio Ambiente ou outros lugares que habilite o Concello, para tal fin. Nesta comunicación indícarase: lugar, número de participantes e datos do/da responsable/-es da fogueiras.

b) Quen se identifique na comunicación da fogueira, será o/a máximo/a responsable da mesma, asegurando o cumprimento de todas as normas e non abandonando a vixilancia da fogueira, ata que o lume e as brasas se atopen totalmente apagadas, respondendo ante calquera dano ou sinistro provocado pola realización da fogueira.

c) O/A responsable da fogueira deberá contar co persoal necesario para o debido control.



Mércores, 29 de decembro de 2021

Núm. 250

d) En caso de producirse unha emerxencia relacionada coa fogueira, o/a responsable terá a obriga de informar os servizos de emerxencia ou policía local, ou na súa ausencia ó 112. Indicará o número de permiso e o lugar onde se atopa.

e) Para a fogueira utilizarase leña limpa (sen cravos, sen vernices, pinturas, etc.) polo que non se poderán utilizar restos de mobles, palets ou similares. Prohíbese utilizar combustibles líquidos nin acelerantes do lume, así como botar a fogueira aerosois, pneumáticos, plásticos, escumas nin ningún outro tipo de material tóxico ou perigoso, así como a realización de xogos ou actividades que impliquen riscos para as persoas.

f) O persoal de emerxencias e/ou seguridade que inspeccione as fogueiras poderá delimitar a altura e o diámetro da mesma por motivos de seguridade. O persoal municipal acoutará o lugar de realización das fogueiras nas praias.

g) Non se poderá baixar as praias botellas nin vasos de vidro.

h) Non se deixara ningún resto de lixo na praia, xa que é moi probable que remate no mar, polo que se deixaran nos colectores situados nas entradas das praias.

i) Ao rematar a festa, o lume quedara totalmente apagado. aconséllase realizar o lume sobre unha superficie metálica. Non se enterraran na area os restos de brasas ou rescoldos, xa que alguén se pode queimar ao día seguinte. Estes restos deberan depositarse nos colectores metálicos habilitados para tal fin.

j) Queda prohibido realizar as necesidades fisiolóxicas no areal, no mar ou en calquera outro espazo público.

k) Queda prohibido a utilización de faroliños tailandeses (faroliños voadores de papel ou lanternas do ceo), así como foguetes e calquera outro dispositivo voador con lume, debido ao perigo de que poidan provocar incendios.

l) Queda prohibido a utilización de tendas de campaña por motivos de seguridade.

m) Non se poderán utilizar aparellos de música de elevada potencia que molesten ós/ás demais usuarios/as da praia ou a veciñanza.

n) O horario de vixencia para a autorización das fogueiras será exclusivamente para a noite do día 23 de xuño das 22:00h ás 06.00h do día 24 de xuño. As persoas con autorización poderán baixar o material para a realización da mesma a partir das 21:00 h.. Ante calquera urxencia que poida xurdir, os servizos de emerxencia e seguridade poderán proceder a evacuación obrigatoria da praia antes desa hora, baseándose en criterios de seguridade e/ ou protección ambiental.

o) Por motivos de seguridade queda totalmente prohibido o baño nas praias do municipio dende as 22:00 h do día 23 de xuño de cada ano, ata as 9:00 h. do día 24 de xuño de cada ano.

p) O incumprimento de calquera das normas expostas constituirá unha falta leve.



Mércores, 29 de decembro de 2021

Núm. 250

q)O Concello de Sanxenxo, poderá suspender esta celebración debido a unha situación sobrevinda ou de carácter excepcional que aconselle a non realización destas fogueiras.

Artigo 7º. Actividades deportivas, culturais e xogos

1.O desenvolvemento de actividades ou xogos (pelota, paletas, volei, etc.) tanto na area como na auga, poderanse realizar única e exclusivamente se non supoñen unha molestia para o resto dos/das usuarios/as ou se a dimensión da praia así o permiten.

2.Quedan exceptuadas da prohibición anterior as actividades deportivas ou lúdicas que os/as usuarios/as poidan realizar nas zonas que con carácter permanente teña dedicadas o Concello á práctica de diversos deportes, xogos infantís e xuvenís, etc.

3.As actividades de carácter deportivo ou cultural organizadas polo Concello, sen prexuízo da autorización preceptiva por parte doutras administracións se é o caso, deberán situarse en zonas que, polo tipo de actividade, se considere máis conveniente. En tales casos, o espazo destinado á actividade poderá ser delimitado con valos previa autorización.

4.As actividades de carácter lúdico, culturais, didácticas, etc. realizadas por empresas ou entidades privadas, previa autorización por parte do Concello e/ou Administración competente, seguirán o establecido no parágrafo anterior.

Artigo 8º. Artefactos abandonados.

1.Queda prohibida a ocupación da praia sen autorización, así como o abandono de obxectos, artefactos ou elementos como remolques, táboas de windsurf, velas, hidropedais, motos náuticas, hamacas, remos e similares.

2.En caso de contravir a prohibición, a autoridade competente actuará segundo o seguinte procedemento:

a.Levantarase acta descritiva da situación, característica do artefacto, obxecto, elemento e titularidade.

b.Requirirase ó/á infractor/a e/ou titular para que se retire o elemento en cuestión nun prazo de 24 horas, indicando, a modo de advertencia, no mesmo requirimento, que en caso de incumprimento, o requirimento mesmo servirá de orde de execución da retirada inmediata, unha vez transcorridas 24 horas. En tal caso a retirada e depósito en dependencias municipais a realizarse de forma subsidiaria o Concello, repercutindo os custos ocasionados ó/á infractor/a e/ou titular.

c.No caso de ser imposible o requirimento, a pesar de ter identificado ó/á infractor/a, por non localización do/da mesmo/a, procederase de forma cautelar á retirada, facendo constar na acta tal circunstancia.



Mércores, 29 de decembro de 2021

Núm. 250

d.No caso de non existir medio identificativo da titularidade do obxecto, artefacto ou elemento, procederáse a reflectir na acta tales extremos e a Administración municipal ou os/as axentes de autoridade quedarán facultados para proceder á retirada cautelosa dos obxectos, artefactos ou elementos antes enunciados, e o seu depósito en recinto municipal.

e.En todos os casos en que non estea presente o/a infractor/a ou titular, no momento de procederse polo servizo municipal á retirada, procederáse á publicación no taboleiro municipal para o seu coñecemento.

f.Os obxectos, artefactos ou elementos retirados poderán ser devoltos ó/á infractor/a unha vez que se acredite como lexítimo/a propietario/a. Este feito non exime ao propietario/a dos efectos de ter que responder ante a instrución dun procedemento sancionador, de ser o caso.

TÍTULO II. NORMAS DE VIXILANCIA E SEGURIDADE.

Artigo 9º. Bandeiras de baño.

1.A altura dos mastros para as bandeiras de baño será, como mínimo, de 3 metros. Serán colocados naqueles lugares que permitan a súa visibilidade polos usuarios/as.

2.Segundo as circunstancias as praias clasificaranse da seguinte forma e izarase a correspondente bandeira:

- a)Praias onde se prohíbe o baño: bandeira de cor vermella.
- b)Praias perigosas: bandeira de cor amarela.
- c)Praias apta para o baño: bandeira de cor verde.

3.As condicións mínimas que han de concorrer para a colocación das bandeiras de baño son:

a)Bandeira verde: estado do mar tranquilo, sen perigo ou risco aparente para a integridade das persoas. A calidade da auga de baño e o estado da praia son bos.

b)Bandeira amarela: ondas de 1,5 metros de altura. Correntes moderadamente fortes. Sucidade ou manchas na auga ou na area. Tormentas ou fenómenos meteorolóxicos que dificulten a vixilancia dos/das bañistas. Presenza moderada de organismos mariños lesivos ou potencialmente perigosos. Outras situacións que comporten un risco moderado polos/as usuarios/as.

c)Bandeira vermella: ondas de máis de 2 metros de altura. Correntes fortes ou moi fortes. Estado do mar axitado. Contaminación da auga e/ou da area. Condicións climatolóxicas moi adversas e perigosas para a vida humana no mar. Presenza moi elevada de organismos mariños lesivos ou potencialmente perigosos. Outras situacións que supoñan un risco grave para os/as usuarios/as.



Mércores, 29 de decembro de 2021

Núm. 250

4.As bandeiras anteriores poderán ser complementadas por outras que, mediante pictogramas claramente identificables polos/as usuarios/as, concreten o perigo para prever.

5.Poderase prohibir o baño en determinadas zonas da praia mediante a colocación de series de bandeiras vermellas na beira do mar que acouten a zona de perigo e/ou carteleira informativa sobre o perigo existente.

6.A ausencia de bandeiras de aviso nos mastros indica que a praia non dispón de servizo de salvamento e socorrismo.

Artigo 10º. Causas para o cambio de bandeiras de baño.

As causas que poden motivar un cambio na clasificación da praia para o baño e, por tanto, un cambio na cor das bandeiras de baño son:

a.Marítimas: ondada, resacas, correntes, medusas, organismos mariños, etc.

b.Climatolóxicas: dirección e intensidade dos ventos, vento forte, néboa, choivas fortes, tormenta, tormentas eléctricas, etc.

c.Ambientais: estado da area e a auga de baño, verteduras accidentais, acumulación de restos mariños, etc.

d.Seguridade cidadá: orde pública, obxectos perigosos, emerxencias, etc.

e.Mantemento: rexeneración de areas, obras ou reparacións.

Artigo 11º. Responsabilidade dos/as usuarios/as.

1.Con bandeira vermella, queda prohibido o baño e, dependendo das circunstancias, mesmo o acceso e permanencia na praia. As persoas que se bañen sen facer caso desta prohibición, farano baixo a súa responsabilidade. As persoas que desexen bañarse fóra da tempada de baño, fóra dos lugares habilitados para o baño ou fóra do horario establecido para o servizo de salvamento e socorrismo, farano baixo a súa exclusiva responsabilidade.

2.De forma xenérica, prohíbese o baño e o mergullo nas canles balizados para o lanzamento e varada de embarcacións.

3.Queda prohibido lanzarse á auga do mar dende as zonas superiores dos cantís, rochas, espigóns, embarcadoiros, plataformas decorativas, zonas sinalizadas onde estea prohibido o baño ou o acceso sexa restrinxido, zonas de fondos superficiais e, en xeral, calquera outro lugar que, pola orografía propia da zona de dominio público marítimo terrestre, supoñan un risco para a seguridade das persoas e resto de usuarios/as. As persoas que incumpran a presente prohibición farano baixo a súa responsabilidade e poden ser obrigadas a saír da auga pola súa propia seguridade, sen prexuízo da imposición da sanción correspondente por parte da Administración municipal.



Mércores, 29 de decembro de 2021

Núm. 250

Artigo 12º. Vixilancia nas zonas de baño.

1. Durante a tempada de baño, o Concello poderá dispoñer dun servizo público de vixilancia e salvamento, coa organización e efectivos adecuados á extensión e grao de utilización das praias.

2. As principais funcións do servizo público de vixilancia e salvamento, serán:

a) Efectuar as tarefas de vixilancia continua da zona de baño, o socorrismo e o salvamento de persoas e a observación da contorna biental.

b) Proporcionar información sobre o estado da mar, sinalizar as zonas de baño coa clasificación establecida, modificando estas cando as circunstancias do tempo ou outras así o aconsellen.

c) Garantir a primeira atención sanitaria e realizar a procura de persoas desaparecidas.

d) Colaborar no baño de discapacitados/as, facilitándolles as cadeiras anfibas dispoñibles e acompañando ao mar no caso de non valerse polos seus propios medios. Se a persoa non pode estar soa dentro da auga por motivos de seguridade, debera levar a unha persoa que o acompañe, non podendo o/a socorrista exercer esta función, xa que pode desatender o resto de usuarios/as da praia.

e) Colaborar nos labores de información a fin de manter a zona destinada ao baño totalmente despexada de animais e obxectos que poidan presentar perigo para os bañistas.

f) Evitar toda clase de actividades que resulten perigosas para os usuarios.

g) Velar pola conservación das zonas de baño, o mobiliario urbano das praias e o material destinado á prevención de accidentes, vixilancia, salvamento, socorro e transporte de accidentados.

h) Velar polos valores ambientais da praia.

i) Informar de inmediato ós/ás superiores de calquera incidencia que se produza consecuencia de unha situación non habitual (persoa grave, verquido, etc.).

j) Colaborar e vixiar o cumprimento por parte dos/as usuarios/as de todo o establecido na presente ordenanza.

Artigo 13º. Vixilancia policial das praias.

As praias do termo municipal de Sanxenxo poderán dispor de axentes da Policía Local encargados/as de vixiar a observancia de todo o previsto na presente ordenanza e na normativa sectorial.



*TÍTULO III. NORMAS HIXIÉNICAS E SANITARIAS.**Artigo 14º. Condicións hixiénico-sanitarias das zonas de baño.*

1.Os/As usuarios/as teñen dereito a ser informados/as polo Concello da falta de aptitude para o baño das augas que non satisfagan os criterios de calidade mínima esixibles pola normativa vixente.

2.A tal fin, o Concello facilitará, a quen o solicite, información actualizada das condicións hixiénico-sanitarias das zonas de baño.

3.O Concello dará a publicidade necesaria aos informes sobre a calidade das augas que se emitan durante a tempada de baño, a través dos paneis informativos existente na entrada principal da praia e outros medios, de estimalo oportuno.

4.En caso de risco sanitario, o Concello adoptará as medidas necesarias, incluídas a prohibición do baño e pechará a totalidade ou parte da praia, ata que o devandito risco cesase, de consideralo necesario.

Artigo 15º. Hixiene persoal.

1.Queda prohibida a evacuación fisiolóxica no mar ou as praias. O Concello fomentará a instalación de aseos nas zonas de praia onde sexa posible.

2.Queda prohibido lavarse na auga do mar utilizando xabón, xel, champo ou calquera outro produto similar.

3.Queda prohibido dar aos lava pés, aseos e mobiliario urbano en xeral, situados nas praias, un uso diferente ao que lles é propio. Desta forma, sancionárase conforme á presente Ordenanza ás persoas usuarias que dean outro fin ás mesmas, como limpar utensilios de cociña, lavarse ou ducharse utilizando xabón, xel, chámposos ou calquera outro produto similar; deteriorar, etc., sen prexuízo das responsabilidades doutra índoles que poidan esixirse polos actos cometidos.

Artigo 16º. Presenza de animais.

1.Prohíbese a circulación, permanencia e baño de calquera tipo de animal doméstico na praia ou zona de baño durante a tempada de baño.

2.Dita prohibición ampliase nas zonas sensibles ambientalmente pola cría de aves desde o 15 de marzo ata o fin da tempada estival. Ditas praias son todas as pertencentes a rede Natura 2000 (Major, Fontenla, Foxos , Nosa Señora, Areas Gordas, A Lapa, Espiñeira, A Lanzada) e a praia de Montalvo.

3.O acceso dos cans as praias, fóra das anteriores restricións, terá que cumprir a lexislación autonómica de circulación de cans en espazos públicos, polo que deberan ir con correa e, no caso de potencialmente perigosos, esta será menor de dous metros, non extensible e tamén deberan levar boceira. É obrigatorio a recollida de excrementos e procurárase que non ouriñen no areal.



Mércores, 29 de decembro de 2021

Núm. 250

4. Queda autorizada a presenza na praia dos cans destinados a salvamento, auxilio ou policía (cando as circunstancias así o aconsellen) e os de asistencia a persoas necesitadas. A presenza de cans de asistencia refírese a aqueles que foron adestrados en centros especializados oficialmente recoñecidos e concluíron o seu adestramento e adquiriron así as aptitudes necesarias para o acompañamento, condución e auxilio de persoas con discapacidade, debendo estar acreditados e identificados conforme a lexislación vixente, sobre Cans de Asistencia para Persoas con Discapacidades.

5. O Concello poderá crear Áreas ou Praias Caninas. As áreas ou praias caninas son aquelas nas que se permita o acceso a cans de compañía, custodiados en todo momento polos seus propietarios/as ou acompañantes.

a) Serán declaradas por resolución de Alcaldía.

b) Deberán estar sinalizadas para que os usuarios poidan identificar claramente os seus límites.

c) Así mesmo deberán dispoñer de paneis informativos, onde se expoñan tanto as obrigas como os dereitos dos usuarios que vaian á praia

6. O/A posuidor/a dun animal, sen prexuízo da responsabilidade subsidiaria do/da propietario/a, será responsable dos danos e prexuízos que ocasione ás persoas, cousas e ao medio en xeral. Ademais, as persoas propietarias e/ou responsables dos animais, deberán impedir que estes realicen as súas deposicións na praia, cala ou zona litoral, debendo en calquera caso, obrigatoriamente, recoller e retirar os excrementos, incluso procedendo a limpar a parte da contorna ou vía pública que fose afectada.

7. Considerarase que un animal está abandonado se non leva ningunha identificación da orixe ou do/a propietario/a, nin vai acompañado de persoa algunha. No devandito suposto, o Concello dará traslado do mesmo ao servizo competente, para os efectos de facerse cargo do devandito animal.

TÍTULO IV. SOBRE A LIMPEZA E MANTEMENTO.

Artigo 17º. Xestión de residuos.

1. Con carácter xeral na zona de praia será de obrigado cumprimento o disposto na Ordenanza Municipal de Fomento da Convivencia Cidadán, así como calquera normativa (estatal, autonómica ou local) vixente relativa residuos urbanos e limpeza viaria.

2. Queda totalmente prohibido arroxar á praia ou a auga calquera elemento, substancia, produto ou material alleo ao medio natural e en concreto:

a) Calquera tipo de residuos como papeis; materiais de publicidade; restos de comida; cascas de pipas ou outros froitos secos; envases de vidro, aluminio ou ferro; cabichas, etc.; así como deixar abandonadas, cadeiras de praia, antucas, roupa, zapatos, etc.



Mércores, 29 de decembro de 2021

Núm. 250

b) Líquidos ou materiais susceptibles de afectar a integridade e seguridade das persoas.

c) Auga sucia, aceites, graxas ou produtos similares sobre a praia ou a auga.

d) Lavar ou reparar vehículos ou máquinas na praia, excepto nos casos de reparacións de emerxencia nas que non se poida mover o vehículo con medios auxiliares.

e) Ensuciar a praia como consecuencia da tenencia de animais domésticos.

3. Os residuos depositaranse dentro das papeleiras e contedores distribuídos nos accesos das praias ou, na súa falta, nos das proximidades.

4. Para o uso correcto das papeleiras e contedores de praia, queda prohibido:

a) Tirar cabichas e materiais en combustión.

b) Tirar ou depositar lixos e desperdicios fóra dos contedores e papeleiras destinadas para o efecto.

c) Depositar obxectos punzantes, con arestas cortantes ou que poidan representar un risco para os/as usuarios/as das praias fóra dos contedores ou de maneira que poidan lesionar ás persoas que fagan un uso correcto de las papeleiras. No caso que a papeleira ou contedor este cheo debera depositar o residuo na mais próxima.

d) Depositar nas papeleiras das praias, situadas no exterior da arena ou na propia praia, as bolsas de lixo domiciliarias ou de establecementos comerciais do tipo que sexan.

e) Limpar na arena da praia o na auga do mar os recipientes que utilizados para portar os alimentos ou outras materias orgánicas.

f) Depositar envases de vidro nas papeleiras o colectores non especificamente deseñados para tal efecto.

g) Depositar líquidos, madeiras, antucas ou cadeiras de praia rotas, animais mortos e outros residuos que non sexan produto do uso normal dos/as usuarios/as das praias.

h) Calquera manipulación e uso indebido das papeleiras que poida estragalas ou deterioralas, como cambialas de sitio, manipulalas, así como a colocación de publicidade, letreiros, anuncios, carteis, adhesivos, inscricións, grafites ou elementos similares. Os/As axentes de autoridade municipal poderán requirir verbalmente para que os/as usuarios das praias retiren os residuos e procedan ao seu depósito, conforme establece a presente ordenanza, sen prexuízo da sanción que lles poida corresponder.

5. Os/As axentes da autoridade municipal poderán requirir para que os/as usuarios/as das praias utilicen correctamente as papeleiras, e poderán, se fose o caso, pedir que depositen correctamente os seus residuos, con independencia de cursar a correspondente denuncia.



Mércores, 29 de decembro de 2021

Núm. 250

Artigo 18º. Pintadas e grafites.

1. Queda prohibido realizar calquera tipo de pintada ou grafito nas praias e nas instalacións e elementos situados nas mesmas, sen a autorización expresa do Concello.

2. Os/As axentes da autoridade poderán retirar ou intervir os materiais ou medios empregados cando o grafito ou a pintada realícese sen a correspondente autorización.

3. Se polas características da expresión gráfica, o material empregado ou o ben afectado fai posible a limpeza e a restitución inmediata ao seu estado anterior, os/as axentes da autoridade cominarán persoalmente á persoa ou persoas infractoras para que procedan á súa limpeza, sen prexuízo da imposición das sancións que correspondan pola infracción cometida e a retirada e intervención dos materiais utilizados.

Artigo 19º. Publicidade.

1. Queda prohibida a publicidade nas praias por medio de rótulos, valos ou medios acústicos ou audiovisuais sen a autorización ou permiso correspondente. Esta prohibición é aplicable a calquera emprazamento ou medio de difusión.

2. A deterioración da limpeza das praias e do seu mobiliario como consecuencia de elementos de publicidade é responsabilidade dos/as anunciantes.

3. A retirada dos elementos publicitarios, farana os/as interesados/as. En caso contrario, farano os servizos municipais ou empresa contratada do Concello e imputaranse ós/ás responsables os custos correspondentes ao servizo prestado.

TÍTULO V. INSTALACIÓNS DE TEMPADA.*Artigo 20º. Instalacións de Tempada.*

1. A ordenación do espazo, a explotación dos servizos e as características técnicas das instalacións, axustaranse ao previsto respecto diso na Lei de Costas e o Regulamento que a desenvolve.

2. A explotación ou aproveitamento dos servizos de tempada está sometida á preceptiva autorización dos mesmos por parte do Servizo Provincial de Costas e están supeditados á execución de calquera proxecto no dominio público marítimo-terrestre que poida realizar a Administración Pública. Neste caso, o Concello reservase a potestade unilateral de anular as autorizacións outorgadas, ocupar ou restrinxir a área obxecto da autorización, ou desprazala, si iso fose necesario para o interese público .

3. As instalacións serán autorizadas polos preceptivos títulos habilitante ou no Plan de Explotación de Servizos de Tempada, onde se esquematizará o emprazamento e superficie de ocupación de todas as instalacións e servizos.



Mércores, 29 de decembro de 2021

Núm. 250

4.As instalacións deberán respectar en todo momento os accesos peonís, escaleiras de accesos, postos de salvamento e socorrismo, ramplas, etc. Paseos artefactos flotantes.

5.Non se permitirá obra fixa no espazo público obxecto desta ordenanza, salvo o previamente autorizado, nin deixar restos de calquera elemento utilizado na actividade unha vez finalizado o prazo de autorización previsto.

6.O horario de servizo rexeráse polo disposto nos pregos de prescricións técnicas que rexen o proceso de contratación e sen que supere o estipulado na Orde que, con carácter anual, regula os horarios de espectáculos públicos, actividades recreativas e establecementos públicos, en Galicia. Para as actividades náuticas, parasoles e hamacas será en horario diúrno.

7.A ocupación da praia polas instalacións de calquera tipo, incluídas as autorizacións para os servizos de tempada será a que determine o Plan de Explotación de Servizos de Tempada.

8.Os artefactos flotantes con e sen motor de calquera tipo non poderán obstaculizar o libre paseo dos/as peóns pola ribeira do mar, polo que deberán deixar un paso dunha anchura suficiente (entre 3 e 5 metros dependendo do número dos/as usuarios/as da praia) no momento da preamar.

Artigo 21º. Esculturas de area.

1.En todo momento primará o dereito ao uso público das praias e a conservación dun ben escaso como é a area.

2.A Alcaldía poderá autorizar un número máximo de 3 esculturas de area na praia de Silgar, atendendo a criterios de amplitude de praia, situación e estética, previa solicitude dos/as interesados/as.

3.Dita autorización será persoal e intransferible tanto para a execución das esculturas como para a súa vixilancia, non podendo delegar ningunha das dúas funcións en terceiros/as.

4.As esculturas que se autoricen ocuparán unha superficie máxima de oito metros cadrados quedando prohibido o uso de colas, aerosois de cores e outros produtos tóxicos e perigosos na formación das mesmas. O incumprimento destes condicionantes deixará automaticamente sen efecto a autorización e será sancionado/a conforme á tipificación da infracción.

5.Queda prohibido a provisión de area de praia en zonas rochosas.

6.Os/As artistas que realicen ditas esculturas deberán cumprir o todo o disposto na presente ordenanza.



TÍTULO VI. RÉXIME SANCIONADOR.*Artigo 22º. Definicións.*

Ao abeiro do establecido nos artigos 139, 140 e 141 da Lei 7/1985, do 7 de abril, de Bases do Réxime Local e, coa finalidade de ordenar adecuadamente as relacións de convivencia e de uso dos servizos nas praias, constitúe unha infracción, toda acción ou omisión que supoña un incumprimento dos deberes, prohibicións ou limitacións que esta ordenanza contén.

Artigo 23º. Adopción de medidas provisionais.

1. Iniciado o procedemento sancionador, o Concello poderá adoptar as medidas provisionais que estime oportunas para asegurar a eficacia da resolución que puidese recaer, se existisen elementos de xuízo suficientes para iso.

2. Non se poderán ditar medidas provisionais que poidan causar prexuízos de difícil ou imposible reparación ás persoas interesadas ou que impliquen violación de dereitos amparados polas leis.

Artigo 24º. Responsables.

1. Son responsables das sancións tipificadas nesta Ordenanza, todas aquelas persoas que participasen na comisión do feito infractor por calquera título, sexan persoas físicas ou persoas xurídicas. Excepto nos supostos nos que sexan menores de idade, onde responderán os/as pais/nais, titores/as ou aqueles/as que dispoñan da custodia legal.

2. A responsabilidade esixible o será, non só polos actos ou omisións propios, senón polos daquelas persoas, animais ou bens polos que se debe responder conforme ao dereito común.

3. Son responsables, subsidiariamente, en caso que non se poida identificar os/as autores/as, os/as titulares ou propietarios/as dos vehículos ou embarcacións cos que se realice a infracción.

4. En relación aos animais, en ausencia do/a propietario/a será responsable subsidiario/a a persoa que no momento de producirse a acción estea a cargo do animal.

5. Se fosen varias persoas as responsables e non fose posible determinar o grao de participación de cada unha delas na comisión da infracción, a responsabilidade será solidaria.

6. Son responsables os/as titulares das licenzas ou autorizacións, cando por motivo do exercicio dun dereito concedido nas mesmas, realícese algunha das infraccións tipificadas na presente ordenanza.

Artigo 25º. Tipificación das infraccións.

1. Sen prexuízo das infraccións previstas e tipificadas na Lei de Costas e resto de lexislación sectorial, as infraccións a esta ordenanza clasifícanse en moi graves, graves e leves.



Mércores, 29 de decembro de 2021

Núm. 250

2. Teñen a consideración de infraccións moi graves as seguintes:

a) As condutas vandálicas, agresivas ou negligentes no uso do mobiliario urbano que xeren situacións de risco ou perigo para a saúde e a integridade física das persoas ou os bens.

b) Dificultar, de maneira intencionada, as funcións do servizo público de salvamento e socorrismo recollidas no Título II da presente ordenanza.

c) Calquera das condutas tipificadas como infracción grave cando pola súa intensidade provoque unha perturbación importante da convivencia, impida o uso dun servizo público ou do espazo público por outras persoas que teñan o dereito de utilizalo, impida ou obstaculice gravemente o funcionamento normal dun servizo público ou unha deterioración grave de equipamento, instalacións, infraestruturas ou elementos, xa sexan mobles ou inmoebles, dun servizo público ou dun espazo público.

d) Realizar pintadas e grafites, contravindo o disposto no art. 18 desta ordenanza.

e) O uso de lume incumprindo o estipulado no artigo 5 da presente Ordenanza.

f) A reincidencia en dúas ou mais faltas graves antes do prazo establecido para a súa prescrición (dous anos desde o día no que a infracción se cometeu).

3. Teñen a consideración de infraccións graves as seguintes:

a) Non respectar a prohibición de bañarse ou de acceder á praia cando estea izada a bandeira vermella.

b) Lanzarse á auga do mar desde as zonas superiores dos cantís, rochas, espigóns, embarcadoiros, plataformas decorativas, zonas sinalizadas onde estea prohibido o baño ou o acceso sexa restrinxido, zonas de fondos superficiais e, en xeral calquera outro lugar que, pola orografía propia da zona de dominio público marítimo terrestre, supoñan un risco para a seguridade das persoas e resto de usuarios/as.

c) A práctica de xogos, deportes ou actividades que supoñan un risco relevante para a seguridade das persoas ou os bens.

d) O incumprimento das normas de limpeza por parte dos/as titulares dos servizos de tempada da praia, ou de calquera outra actividade autorizada polo órgano competente.

e) Cociñar e realizar cátering na praia, sen autorización.

f) A varada ou permanencia de embarcacións, táboas de windsurf, hidropedais, motos náuticas, remolques, etc., fóra das zonas sinaladas e destinadas a tal fin.

g) Calquera conduta prohibida das que se contemplan no artigo 18 sobre residuos da presente ordenanza, salvo que o feito estea expresamente tipificado nalgún outro apartado.



Mércores, 29 de decembro de 2021

Núm. 250

h) A resistencia para facilitar información, a prestar colaboración, ou o feito de fornecer información ou documentación falsa, inexacta, incompleta ou que induza a erro, implícita ou explicitamente, á Administración municipal ou os/as axentes de autoridade.

g) A reincidencia na comisión de dúas ou mais infraccións leves antes do prazo establecido para a súa prescrición (un ano desde o día no que a infracción se cometeu).

4. Teñen a consideración de infraccións leves as seguintes:

a) Incumprir as indicacións que se dean e a sinalización sobre as condicións e lugares de baño, salvo que a acción se cualifique como infracción grave.

b) A realización de actividades como xogos de pelota, paletas ou exercicios, na area e zona de baño, que poidan molestar ao resto de usuarios/as, e sempre que, despois de ser debidamente advertidos/as da necesidade de respectar o dereito do resto de usuarios/as continúense realizando.

c) A emisión, mediante calquera medio, de sons que molesten ao resto de usuarios/as, sempre que, despois de ser debidamente advertidos/as da necesidade de respectar o dereito do resto de usuarios/as, continúense realizando.

d) O uso indebido da auga dos lavapés, fontes ou duchas, así como lavarse no mar ou na praia utilizando xabón ou calquera outro produto de aseo persoal.

e) Bañar a animais domésticos no mar (salvo os cans de existir zonas habilitadas para iso), lavapés, fontes ou duchas.

f) Lavar roupa ou calquera outro elemento, na auga do mar, nos lava pés, fontes ou as duchas.

g) Deixar instalados parasoles totalmente diáfanos nos seus laterais, antucas, cadeiras, mesas ou calquera outro complemento, sempre que non se atopen presentes os/as propietarios/as, polo só feito de ter reservado un lugar na praia.

h) Deixar en calquera lugar (valados, ramplas, muros, mobiliario urbano, etc.) da praia soltos ou con cadeas, cadeiras de praia, antucas ou

calquera outros anveños. Estes poderán ser retirados polos servizos municipais ao considerarse abandonados.

i) A instalación de campamentos e a acampada na praia.

j) A realización de actividades ou prestación de servizos non autorizados como masaxes, tatuaxes, etc., sen autorización expresa.

k) O acceso, circulación ou permanencia de animais domésticos nas praias, (salvo os cans de existir zonas habilitadas para iso e as excepcións contempladas no artigo 16, sempre que despois de ser debidamente advertidos/as da prohibición existente non procedan a retiralos do lugar.

l) A realización de necesidades fisiolóxicas no ámbito de aplicación desta ordenanza.



Mércores, 29 de decembro de 2021

Núm. 250

m) Calquera outra infracción contra a presente ordenanza que non estea tipificada de forma expresa.

Artigo 26º. Réxime sancionador.

As infraccións das normas desta ordenanza serán sancionadas polo Alcalde-Presidente ou polo órgano municipal no que este delegase a competencia, previa incoación do oportuno expediente, no que se terán en conta as circunstancias que concorran en cada caso. Todo iso sen prexuízo de remitirao Xulgado as actuacións practicadas, cando así o determine a natureza da infracción.

Artigo 27º. Réxime xeral das sancións.

1.A imposición das sancións previstas na presente ordenanza baséase no principio de proporcionalidade e dos criterios de gradación previstos no presente artigo. Para determinar a multa aplicable hai que ter en conta, en todo caso, que o cumprimento da sanción non resulte máis beneficioso para o/a infractor/a que o cumprimento das normas infrinxidas.

2.As infraccións á presente ordenanza poderanse sancionar coas seguintes multas:

a) Infraccións leves: ata 750,00 euros.

b) Infraccións graves: multa de 751 euros ata 1.500 euros.

c) Infraccións moi graves: multa de 1.501 ata 3.000,00 euros.

Artigo 28º. Gradación das sancións.

1. A gradación das sancións atenderá ás seguintes circunstancias:

a) A gravidade da infracción.

b) O beneficio obtido.

c) O prexuízo ocasionado ao interese xeral.

d) A intencionalidade.

e) A reiteración.

f) A reincidencia.

g) A capacidade económica do/a infractor/a.

2. Enténdese que existe reincidencia cando se cometeu máis dunha infracción da presente ordenanza, declarada por resolución administrativa firme no termo dun ano.

3. Existe reiteración cando a persoa responsable xa foi sancionada por infraccións desta ordenanza ou cando se están tramitando outros procedementos sancionadores por infracción da presente ordenanza.



Mércores, 29 de decembro de 2021

Núm. 250

Artigo 29º. Concorrenza de sancións.

1.Unha vez incoado un procedemento sancionador por dous ou máis infraccións entre as cales haxa unha relación de causa e efecto, imporase só a sanción mais elevada.

2.Se non existise a relación causal, á cal refírese o parágrafo anterior, imporase ós/ás responsables de dous ou máis infraccións, as sancións correspondentes a cada unha das infraccións cometidas, a menos que se aprecie a identidade dos/das suxeitos, feitos e fundamentos, caso no que se aplica a réxime que sancione máis severamente a conduta de que se trate.

Artigo 30º. Procedemento aplicable.

O procedemento aplicable ao expediente sancionador será aquel previsto nos artigos 63, 64,85, 89, 90 e outros de lle sexan de aplicación da Lei 39/2015, 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, así como demais lexislación que lle sexa da aplicación, sendo o órgano competente para a súa incoación e tramitación e para a proposta de resolución, o órgano administrativo municipal correspondente, de oficio ou a instancia de terceiros/as.

DISPOSICIÓN ADICIONAL PRIMEIRA

Quedan derogadas cantas disposicións do mesmo e inferior rango regulen as materias contidas na presente ordenanza, en canto opóñanse ou contradigan ao contido da mesma.

DISPOSICIÓN FINAL

Esta norma entrará en vigor, unha vez aprobada definitivamente polo pleno do Concello, publicada completamente no Boletín Oficial da Provincia e transcorrido o prazo previsto no art. 65.2 da Lei 7/85 de Bases do Réxime Local (período de 15 días hábiles, desde a recepción da comunicación do acordo, para que a Administración do Estado ou da Comunidade Autónoma poidan formular requirimento de anulación de acordos municipais), mantendo a súa vixencia mentres non se aprobe a súa modificación ou derogación expresa.

Sanxenxo,

O alcalde,

Telmo Martín González

(documento asinado electronicamente)

